



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/18/2014	CONZI054
3D5A135M0S1Q0J5L0YRO	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE “C” QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO FORNECEMENTO DUN SISTEMA INTEGRAL DE IMPRESIÓN.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
D. Gustavo Arribas Robles, Técnico Informático

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre C: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu un representante de cada unha das empresas licitadoras Dixital Dream Interactive S.L., VSM Sistemas Coruña S.A. e Fornecementos Galicia S.L.

Sendo as 11:15 horas do día 6 de marzo de dous mil quince, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre “B” de Documentación Técnica dos Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres “C” relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre “B” de Referencias Técnicas:



CONCELLO DE NARÓN

A Mesa de contratación acordou non admitir as ofertas presentadas polas empresas Dixital Interactive Dream S.L. e Fornecementos Galicia S.L., o primeiro por incumprimento das características mínimas dos equipos esixidas no prego técnico e o segundo por ofertar equipos descatalogados, en contra do que establecen os pregos, segundo os cales estes tiñan que ser de recente lanzamento.

A oferta presentada por VSM Sistemas Coruña S.A., cumpre e mellora todos e cada un dos requisitos esixidos nos pregos técnicos.

Unha vez posto en coñecemento dos licitadores as circunstancias descritas nos parágrafos anteriores, procédese á apertura da oferta económica da única empresa que segue no procedemento licitatorio, VSM Sistemas Coruña S.A. que propón:

Prezo impresión en branco e negro 0,030 euros
Prezo impresión en color 0,320 euros.

Prezos que non inclúen o imposto sobre o valor engadido (IVE)

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

Unha vez abandonada a sala polo público asistente, continúa a reunión co gallo de presentar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A Mesa de contratación á vista de que so unha da tres ofertas presentadas no proceso de licitación, continuou ata o final do mesmo e que presenta tanto melloras técnicas como económicas, aos mínimos esixidos, propón a adxudicación deste contrato a empresa VSM Sistemas Coruña S.L., por ser unha oferta vantaxosa para este Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11:25 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente